



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Orde do 31 de xullo de 2018 pola que se resolve o concurso público de méritos para cubrir postos de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos, e das direccións dos centros de formación e recursos.

Mediante a Orde do 6 de xuño de 2018 (publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* do 13 de xuño) convocouse o concurso público de méritos para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos. A Orde de convocatoria publicouse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es.

Logo de realizada a valoración pola comisión de selección, en aplicación do artigo 7 da Orde de convocatoria publicouse no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es a relación definitiva da baremación efectuada. Logo de revisadas as reclamacións presentadas, e con base no disposto no artigo 9 da citada convocatoria,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación final das persoas seleccionadas, ordenadas por puntuación, que figura como anexo.

Segundo.- Ordenar a publicación desta orde no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es.

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 9.3 da citada orde, as persoas que resulten seleccionados por esta convocatoria serán nomeadas en réxime de comisión de servizos, e con reserva do posto de traballo de orixe, por períodos anuais, renovables ata un máximo de seis anos, e ao final de cada período anual establecerase un proceso de avaliación sobre o exercicio das súas funcións que determinará a súa continuidade ou non.

Cuarto.- Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet <http://www.edu.xunta.es>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González





ANEXO

Nº Praza	Centro	Denominación praza	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Total
1	CAFI	Científico-Tecnolóxica	López	Becerra	Eva	17,38
2	CAFI	Coordinación de actividades centralizadas	Rey	Rey	María Teresa de Jesús	16,36
3	CAFI	Formación e Innovación (Internacionalización)	Pastoriza	Espasandín	Diana	14,68
4	CAFI	Formación Profesional (2)	Pidre	Mosquera	José Manuel	14,84
			Varela	Tato	María Esther	13,57
5	CAFI	Función Directiva	Suárez	Navia	Jorge Javier	19,16
6	CAFI	Infantil e Primaria (2)	Vieites	Salvado	María del Carmen	13,35
			Rio	Rey	Marta	14,38
7	CAFI	Linguas Francesa e outras	DESERTA			
8	CAFI	Lingua Galega	Rodríguez	Pérez	Juan Carlos	15,39
9	CAFI	Org. Esc. E Diversidade (2)	Motellón	Carrillo	María Josefa	19,15
			DESERTA(1)			
10	CAFI	TIC (5)	Muñiz	Llanos	Agapito	14,46
			Seoane	Bascoy	Javier	13,10
			Vicente	Rodríguez	José Antonio	16,89
			DESERTAS (2)			
11	SFP	Técnica Docente en STEM	Taboada	Martinez	Julita	19,39
12	SFP	Técnica Docente en TIC	Folgueira	Pérez	Iván	13,58
13	SFP	Técnica en Formación	DESERTA			
14	SFP	Técnica en Rexistro de Formación	DESERTA			
15	A Coruña	Formación profesional	Penelas-Cortés	Bellas	María Montserrat	14,81
16	A Coruña	TIC	Mira	Fernández	Irene	14,33
17	A Coruña	Infantil e Primaria (Vimianzo)	Varela	Martínez	José María	13,36
18	A Coruña	TIC (Vimianzo)	Lado	García	Pedro	14,27
19	Ferrol	Científico-tecnolóxica	De Castro	Miguel	Miguel Carlos	18,13
20	Ferrol	Linguas estranxeiras	Pérez	Rico	María del Carmen	13,53
21	Ferrol	TIC	Puga	Barreiros	Cristina	17,57
22	Lugo	Científico-Tecnolóxica (Burela)	Rodríguez	Chao	Josefa	15,53
23	Pontevedra	Artístico-deportiva	Fernández	Pérez	María Esther	11,98
24	Pontevedra	Científico-tecnolóxica	Blanco	De Santiago	María del Puerto	17,14
25	Pontevedra	Dirección	Álvarez	Bértolo	Jesús Manuel	19,06
26	Pontevedra	Linguas estranxeiras	Martinez	Dapena	Carmen	16,18
27	Vigo	Formación Profesional	Galán	Pardo	José Carlos	15,75
28	Vigo	Linguas Estranxeiras (2)	Pazos	Oya	María de la Concepción	15,53
			DESERTA (1)			
29	Vigo	Lingüística e social	Nuevo	Pérez	Isabel	13,45
30	Vigo	Organización Escolar e Divers.	Vaz	Dapia	María del Carmen	16,10
31	Vigo	TIC (2)	DESERTA (2)			